

Recurso nº 116/2019**Resolución nº 122/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por ADIANTE SOLUCIÓN S.L.U. contra os pregos do contrato para a prestación do servizo de xestión e programación de actividades do centro xove de creación cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela, expediente CON/3/2019 do Concello de Santiago de Compostela, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Santiago de Compostela convocouse a licitación do contrato para a prestación do servizo de de xestión e programación de actividades do centro xove de creación cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela, expediente CON/3/2019, cun valor estimado declarado de 418.108,45 euros.

Segundo.- O 06.05.2019 ADIANTE SOLUCIÓN S.L.U interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin.

Terceiro.- Reclamado ao Concello de Santiago de Compostela o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP), a documentación foi recibida neste Tribunal o día 20.05.2019 e o 27.05.2017.

Cuarto.- O 14.05.2019 acordouse a medida cautelar de suspensión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A recorrente está lexitimada para interpoñer o presente recurso aínda que non teña a condición de licitador, pois precisamente as bases da convocatoria provócanlle ao seu entender un prexuízo que pretende remediar coa interposición do recurso e a obtención dunha resolución favorable. Neste sentido, as prestacións do contrato ao que se refire esta impugnación están incluídas no ámbito da súa actividade empresarial.

Cuarto.- Os pregos foron publicados o 12.04.2019, polo que o recurso está en prazo.

Quinto.- Impúgnanse os pregos dun contrato de servizos de valor estimado superior a 100.000 €, polo que o recurso é admisible.

Sexto.- ADIANTE SOLUCIÓN S.L.U impugna un criterio de adxudicación avaliable mediante fórmulas denominado “Calidade no emprego” e o prezo e orzamento da licitación.

Sétimo.- Remítense polo Concello resolución da Alcaldía do 24.05.2019, a cal, tras expresar que nun informe do departamento de xuventude se propugna a eliminación ou modificación do criterio de calidade aludido no recurso e recoñecerse que non se computaron no estudo económico de referencia distintos conceptos facendo necesario tamén unha modificación do tipo de licitación proposto, conclúe que:

“Enténdese por todo o exposto que os pregos e demais documentación recurridas conteñen os erros descritos no recurso presentado e que polo tanto procederase a retrotraer o procedemento de licitación ao momento do seu inicio para os efectos de subsanar as deficiencias sinaladas.”

Dado que o órgano de contratación coa retroacción do procedemento modificará os pregos da contratación obxecto da impugnación, procede poñer fin ao presente recurso como consecuencia da carencia sobrevida do seu obxecto.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por ADIANTE SOLUCIÓN S.L.U. contra os pregos do contrato para a prestación do servizo de xestión e programación de actividades do centro xove de creación cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela, expediente CON/3/2019 do Concello de Santiago de Compostela, no sentido manifestado no último dos fundamentos.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.